



Resolución do 29 de xaneiro de 2024 da Dirección xeral da Academia Galega de Seguridade Pública **pola que se fai pública a modificación da adxudicación dunha praza do proceso selectivo para o ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre por renuncia.**

De conformidade co establecido na base 8.3 da Orde do 19 de abril de 2023 (DOG Núm. 86, do 5 de maio) en caso de renuncia se substituirá á persoa que renuncia pola primeira que figura na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

RESOLVO:

Primeiro: Publicar mediante esta Resolución os cambios producidos no Anexo I da Resolución de data 23.01.2024, xa que con data 29.01.2024 recibíuse unha renuncia. Por tanto, tal e como estipulan as bases da convocatoria procedeuse a substituír á persoa que renuncia pola primeira que figura na lista de reserva.

A persoa que renuncia é PÉREZ CARRIL, PAULA que pasa a ser substituída por COMESAÑA AMBROSIO, ÚRSULA no Concello de Tui.

Segundo: Comunicar e remitir ao concello afectado a documentación completa das persoas para o seu nomeamento e toma de posesión.

Esta resolución, segundo o indicado no artigo 17 da Lei 1/2017, de 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de reposición ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa.

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

